


Co- Lab

Laboratorio
Ciudadán
A Coruña



Dossier de prensa




CORUÑA
➤PRÓXIMA

Concellaría de Participación
e Innovación Democrática

coruna.es

Por que o Co-Lab: o seu nacemento



A Concellaría de Participación e Innovación Democrática do Concello da Coruña impulsou o ano pasado a creación do Co-Lab, o Laboratorio Cidadán da Coruña. Nos últimos anos, cidades e países de todo o mundo traballaron no desenvolvemento de laboratorios cidadáns, espazos abertos de traballo con modelos máis interactivos e innovadores que teñen unhas marcadas características: a colaboración, o intercambio de coñecemento e a experimentación.

Cidades como Madrid ou Barcelona, países como Dinamarca, Estados Unidos, Brasil, espazos transnacionais como o Laboratorio Iberoamericano de Innovación Ciudadana (no marco da Secretaría General Iberoamericana)... Son moitos os exemplos a nivel mundial de espazos e gobernos que ampararon a creación de institucións nas que a propia cidadanía participa directamente e as fai funcionar. Celébranse actividades, obradoiros, establécense sinerxías entre axentes, institucións, grupos sociais, colectivos, gobernos... dinámicas que funcionan e dan óptimos resultados de participación e de resolución das problemáticas existentes.

Con estes exemplos, a Concellaría de Participación e Innovación Democrática da Coruña presentou todo un reto, para o Concello, para a cidade e para a cidadanía: a creación dun espazo no que se poida falar, contribuír entre todas e todos, e que sexa motor para a construción, difusión, promoción e apoio de novas iniciativas.

Así naceu o Co-Lab, un espazo de experimentación que dá apoio a proxectos dotándolles de orzamentos e capacidade para mellorar a calidade de vida da cidadanía da Coruña e posibilita unha cidadanía máis igualitaria a través de mecanismos de produción de coñecemento colaborativo, aberto e reutilizábel.

Que é o Co-Lab: a propia cidadanía resolvendo os problemas da cidade

A Concellaría de Participación e Innovación Democrática do Concello da Coruña fomenta a creación do Co-Lab cun claro obxectivo: dotar a cidadanía de capacidade e recursos para resolver os problemas de diversa índole que atopan na súa contorna.

As cidades esconden problemáticas sociais complexas que constitúen verdadeiros retos para as diferentes administracións. Fronte a elas, a aplicación da innovación social, de ideas e iniciativas xurdidas na propia cidadanía poden ser os mellores eixos para atopar solucións acadas, viables e sostibles. Solucións para aprender a vivir xuntos en cidades máis amables para toda a veciñanza.

O termo innovación adoita aplicarse noutros campos. Mais agora, moitas das creacións de valor que acompañan ao desenvolvemento social, cultural e económico teñen o seu nacemento en iniciativas innovadoras xurdidas da propia cidadanía, en boa medida apoiada polo novo ecosistema dado polas novas tecnoloxías e os medios dixitais. Para poder innovar socialmente é fundamental a creación de espazos, en definitiva, laboratorios cidadáns, nos que se poida falar, experimentar, contribuír entre todas e todos. Que sexan motor para a difusión, promoción e apoio de novas iniciativas colectivas.

Como funciona o Co-Lab

O Co-Lab é un espazo promovido polo Concello da Coruña, que presenta uns principios a cumprir por todos os proxectos que formen parte del:

- 1. Apertura / participación:** calquera persoa pode participar nun proxecto determinado, en función dos seus coñecementos e capacidades. O Co-Lab prestará un especial coidado á hora de establecer mecanismos e protocolos que permitan esta incorporación continua de participantes.
- 2. Creatividade / Innovación:** o Co-Lab é un laboratorio e, como tal, ten a función fundamental de experimentar e facer xurdir ideas, proxectos e solucións innovadoras e creativas, que aborden os problemas desde puntos de vista diferentes e novidosos.
- 3. Colaboración:** no Co-Lab procúrase un ecosistema e un modo de traballo colaborativo (non competitivo), no que as persoas participantes desenvolvan conxuntamente ideas, prototipos e solucións para diferentes problemas.
- 4. Ben común:** todas as accións e propostas do Co-Lab son concibidas en beneficio da sociedade, e non para o beneficio privado. Igualmente, todo o prototipado, ideado e producido no marco do CoLab é do común: pode ser replicado ou adoptado por calquera colectivo ou persoa.
- 5. Autonomía:** se ben o orzamento do Co-Lab é público, os colectivos que desenvolven os proxectos teñen autonomía para levar a cabo as diferentes accións que forman parte deles. O papel do Concello, ademais do apoio financeiro, consiste en facilitar no posible as accións e, no seu caso, mobilizar os espazos e outros servizos públicos para acadalo.
- 6. Licenzas abertas:** a documentación, o deseño e os produtos do Co-Lab terán licencias que permitan ser compartidos para o seu uso por outros colectivos.
- 7. Mediación:** o Co-Lab prevé mecanismos, ferramentas e recursos para facilitar a relación e atopar sinerxias entre os diferentes colectivos e proxectos que forman parte, así como entre estes, a cidadanía, as institucións públicas e outros axentes.

Obxectivo do Co-Lab: mellorar a cidade, construír comunidade, perdurar no tempo

Con todo este traballo desenvolvido, o obxectivo do Co-Lab é claro: pór en valor as contribucións da veciñanza para conseguir unha cidade máis aberta que contribúa ao desenvolvemento cultural, social e económico da Coruña. Esta é a filosofía do Co-Lab, un espazo de colaboración para todas e todos que posibilite o crecemento da cidade e que nace coa intención de perdurar no tempo como eixo dinamizador da cidade, facendo importantes contribucións a nivel local e tamén a nivel autonómico.

E a vía para logralo, o Co-Lab funcionará como ferramenta do, para e polo común. Un instrumento para constituír unha comunidade activa de veciños, veciñas e entidades locais que, en colaboración co Concello da Coruña e outras entidades públicas e privadas, investigue os problemas, propoña solucións e deseñe, experimente e desenvolva propostas colectivas.

O primeiro ano do Co-Lab

En 2016 iniciouse a actividade do Co-Lab a través de encontros, obradoiros e xuntanzas para desenvolver todo o proceso investigador e documental que alicerce a posta en marcha do Laboratorio de Innovación Cidadá da Coruña. Unha fase previa fundamental para garantir o bo funcionamento desta plataforma experimental con vocación aplicada que conta coa cidadanía como principal axente dinamizador da iniciativa.

Neste proceso estableceuse unha alianza fundamental coa UDC e o seu equipo investigador. E buscou a implicación de grandes grupos e sectores para ter a máxima información, mantendo entrevistas co sector público e gobernanza, fundacións e asociacionismo, ámbito tecnolóxico, sector creativo e a comunidade académica.

Toda esta información foi documentada e posta a dispor de toda a cidadanía para que participase, opinase e formase parte do Co-Lab. Concebido como un proxecto de código aberto, transparente e documentado, a Forxa do Co-Lab (<http://forxa.colab.coruna.gal>) é un repositorio aberto e de libre uso que incorpora toda a documentación producida durante o proceso de construción colectiva do laboratorio.

Tras un traballo de investigación, convocatoria, identificación e relación dos axentes participantes organizouse un Obradoiro Aberto que convocou a expertos e axentes en torno ao tema en cuestión para albisar problemas, modelos de organización e dinamización viables para a realidade local e perspectivas de futuro inmediato.

Obradoiro Co-Lab

Desenvolveuse durante os días 24 e 25 de novembro de 2016 no Centro Ágora. Asistiron máis de 90 axentes vencellados aos procesos de innovación social actualmente en marcha en Galicia, cunha presenza importante de axentes da Coruña e doutras cidades, así como algúns membros do equipo técnico do Concello da Coruña. Os obxectivos deste obradoiro foron:

- Someter a crítica, revisar e validar o marco conceptual no que debe “construírse” experimentalmente o Co-Lab
- Diseñar unha estratexia para o desenvolvemento de cada unha das liñas de acción que se definan como parte do Co-Lab para o seu prototipado ao longo de 2017
- Realizar unha primeira aproximación ás necesidades de recursos, equipo e infraestruturas do Co-Lab

Tamén se marcaron as normas e regras dos proxectos que se poden desenvolver no Co-Lab: transversalidade dos saberes, liberdade de acceso ao coñecemento e reutilización, prototipado rápido, a xeración de comunidades de aprendizaxe e os coidados.

Ademais, establecéronse as liñas de actuación que se conciben como grandes áreas temáticas e que definen os principais retos que ten exposto a sociedade e o territorio onde se asenta. Cinco grandes liñas que foron a base para o exercicio de conceptualización e deseño que se realizara no Obradoiro:

- A mobilidade
- O habitar, incluíndo tanto o espazo público urbano, como as cuestións ambientais e a conexión cidade-rural que configura o territorio
- O ser dixital, conectado especialmente coa redefinición do concepto de Smart City que se desenvolveu en diversos proxectos en Coruña nos últimos anos
- O social, abordando o relativo á diversidade, a inclusión, a desigualdade
- O cultural

Proxectos de desenvolvemento no Co-Lab en 2017

Baixo todos estes criterios e liñas de actuación definidos no Obradoiro de 2016 por persoas expertas, axentes, universidade e persoal técnico, foron seleccionados en convocatoria aberta os primeiros seis proxectos que albergará o Co-Lab, con obxectivos e temáticas diferentes que atopan precisamente no Co-Lab a súa ligazón e tamén o paraugas para o seu desenvolvemento:

PARTICIP-AGRA

Cara a creación de novos espazos de convivencia na Agra do Orzán.

A Agra do Orzan conta cunha densidade de poboación excesiva (688.87 habitantes/ha) que produce unha presión elevada sobre o escaso espazo público. Esta situación ten un impacto negativo sobre un barrio que, de seu, presenta unha gran complexidade: paro, alta diversidade cultural, un índice de envellecemento maior ca media da cidade, baixo soleamento da rúa, baixa calidade das edificacións, etc.

Fronte a iso, propónse o debate de dotar de uso os esquecidos patios interiores das mazás. Este proceso axudaría a diminuír a densidade de poboación creando novos espazos de convivencia, aínda por delimitar e significar, que sirvan como desacougo dos cidadáns e polo tanto unha mellora da convivencia.

O proxecto, a través dunha metodoloxía eminentemente participativa, quere contar coa mirada da poboación do barrio (veciñanza, comerciantes, usuarias en xeral) para que sexan elas as que valoren as actuacións a levar a cabo. As bondades de este tipo de procesos son un empoderamento por parte dos cidadáns como axentes de toma de decisións, unha maior implicación da cidadanía na mellora dos barrios e a toma de decisións baseada en acordos adoptados por unha maioría.

CO URBANISMO NOS TALÓNS

Abordando a problemática do crecemento urbanístico para os núcleos periurbanos.

Permanecen na cidade lugares singulares, máis rurais que urbanos, que enfrontan os efectos da presión urbanística. Queremos centrar o foco nestes territorios, para atopar solucións colectivas ante a súa inminente desaparición.

Son moitos os lugares do municipio da Coruña que se atopan nunha complexa situación. Territorios que xa están a experimentar -ou que o farán axiña- os efectos da presión urbanística, unha serie de procesos que a maioría das veces complicarán a vida da veciñanza destes lugares e rematarán seguramente co seu desprazamento cara outros barrios da cidade ou cara outros municipios.

Co urbanismo nos talóns procura impulsar unha comunidade de aprendizaxe e práctica arredor destes territorios da Coruña que o urbanismo vixente propón transformar. Así, xa desde o seu comezo, o obxectivo último do proxecto é ser só unha primeira fase dun proceso comunitario a máis longo prazo, con vocación de continuidade e autonomía.

GABINETE DE IMAXINACIÓN POLÍTICA

Espazo de intercambio e reflexión para o fortalecemento común.

Como poñen de manifesto investigacións e praxes sobre os comúns, cada vez son menos os espazos de socialización que temos. É urxente, por tanto, poñernos a pensar e construír novos espazos nos que poder imaxinar outros escenarios que faciliten outros modos de facer e ensanchar a democracia.

O "Gabinete de imaxinación política" quere establecer espazos de encontro e reflexión entre colectivos, entidades, cooperativas e grupos informais para que a través da combinación de artes e das tecnoloxías sociais, se doten de recursos para acadar maiores cotas de autonomía, capacidade creativa e resiliencia.

A través do Gabinete atenderemos a prácticas artísticas colaborativas, a relación entre arte e comunidade, ás novas formas de activismo mediante a internet, así como as ferramentas que proveñen do eido da facilitación de grupos. Con esta mestura búscase tecer un lugar de encontro participativo e aberto no que co-crear ferramentas e aprendizaxes coas que a cidadanía sexamos quen de posibilitar proxectos, tanto asociativos como cooperativos, máis autónomos, imaxinativos e resilientes.

OASIS MONTE ALTO

Reflexionar e experimentar colectivamente para transformar Monte Alto.

O Oasis quere mobilizar a veciñanza e os diferentes colectivos de Monte Alto para construír colectivamente, cos seus propios recursos e capacidades, un proxecto que redunda no ben común do barrio todo.

O Oasis é un proceso amplamente validado que a día de hoxe se ten implementado en máis de 250 ocasións e en máis de 20 países diferentes. Porén, está será a primeira vez que en Galiza vaise a dar un Oasis. É un convite ás e os veciños, comerciantes, hostaleiros, e outros axentes sociais chaves do barrio, a experimentar o poder do traballo colectivo e situarse como suxeitos activos da transformación da contorna, dando resposta ás necesidades presentes no propio territorio cun resultado de alto impacto no mesmo.

Desde esta visión, as promotoras do Oasis, mediante o traballo no barrio e o contacto coa veciñanza, procurará formar unha equipa dunhas 20 persoas para "xogar" a transformar Monte Alto ao longo dunha semana intensiva.

SOIDADE

Diagnose da situación actual das persoas maiores da cidade e contribución a mellorar a súa situación.

A problemática social perentoria das persoas maiores que viven en soidade na Coruña e en Galicia urxe a buscar solucións alternativas á vía asistencial e mellora das súas situacións de vida. É fundamental diagnosticar a situación deste colectivo para integrar as entidades que colaboran e traballan con eles nunha iniciativa social de abordaxe global e mellora da súa realidade social.

O sentimento de soidade non desexada de moitas persoas maiores da nosa cidade afecta a todas as esferas da súa vida, e convertese nun risco de illamento social de primeira magnitude que actúa de modo invisible e é de difícil detección. Cómpre dar unha resposta colectiva a esta problemática.

Envellecer, como sociedade, é un éxito, pero a calidade de vida dos últimos anos de vida é motivo de preocupación e debate desde distintas disciplinas.

Ante este escenario, o proxecto quere: diagnosticar a situación actual do colectivo de xente maior; mobilizar e motivar a diferentes colectivos; co-deseñar con eles ideas e solucións; visibilizar unha realidade con grandes consecuencias no benestar social e na calidade de vida de todas as persoas; e extrapolar os datos e resultados obtidos a outras comunidades e grupos de aprendizaxe e participación social para que asuman o reto e amplíen o desenvolvemento da iniciativa a outras zonas.


COUSATECA

Plataforma de intercambio de bens para o seu mellor aproveitamento.

A Cousateca é unha biblioteca de cousas coa que se quere revalorizar os bens que usamos a diario, mesturando para iso ferramentas dixitais e espazos físicos para o intercambio. Están convidadas persoas e organizacións interesadas en compartir, alén da propiedade conforme ás esixencias tanto dos posibles usuarios como das cousas que se prestan.

Cousateca é unha biblioteca de cousas; sen embargo tamén é moito máis. Ou isto implica moito máis: acreditar o valor de uso das cousas (dos bens en principio, pero tamén dos servizos probablemente) fronte ao seu valor de cambio. Coa Cousateca quérense revalorizar as cousas que usamos a diario. Inundados como estamos de obxectos de todo tipo e ante o consumismo imperante, as cousas precisan revalorizar o seu uso e incluso a súa aura subxectiva, relacional, vencellante. E agora a tecnoloxía nos permite rexistrar de xeito moi preciso as disponibilidades e configurar reximes ou grados de préstamo probablemente mellor que nunca.

O concepto de valor de uso está amplamente avalado pola Lóxica dos comúns (commons) que atopamos en sociedades tradicionais (os procomúns de comunidades de bosques e pescadores, entre outras) mais tamén pola lóxica das licenzas libres no ámbito da Cultura e o Software Libre. Efectivamente, licenzas como os Creative Commons responden a esta lóxica e permiten abrir os recursos a relacións máis amplas, alén da dicotomía da propiedade/non-propiedade, crea vencellos con outras obras, os derivados e outras atribucións, especifica toda unha serie de grados co-creativos e intensidades de recoñecemento que non está na simple adquisición dun ben no Mercado.



A Coruña | Outubro 2017

